

Consello de Redacción:

ANTON COSTA RICO

MODESTO HERMIDA GARCIA

MIGUEL VAZQUEZ FREIRE

ANTONIO GARCIA TEIJEIRO

MANUEL BRAGADO RODRIGUEZ


 SEMANARIO DE
 EDUCACION
 DE FARO DE VIGO

Coordina:

JOSE A.º PEROZO

ANO V N.º 161

A Mamá Noel

MICHEL TOURNIER

¿A vila de Pouldreuzic ia coñecer un período de paz? Desde lustros, estaba esgazada pola oposición de clericais e radicais, da escola libre dos Irmáns e a pública laica, do cura e o mestre. As hostilidades, que tomaban as cores das estacións, viraban ó lumeado lexendario coas festas de fin de ano. A misa do galo tiña lugar, por razóns prácticas, o 24 de decembro ás seis do serán. A mesma hora, o mestre, disfrazado de Papá Noel, distribuía xoguetes ós alumnos da escola laica. Así o Papa Noel devíña polas súas atencións un héroe pagano, radical e anticlerical, e o cura opúñalle o Neno Xesús do seu nacemento vivinte —célebre en todo o cantón— como quen bota unha bategada de agua abençoada á faciana do Díaño.

Sí, ¿Pouldreuzic ia coñecer unha trégu? Acontecía que o mestre, ó tomalo seu retiro, fora reemplazado por unha mestra forasteira, e todo o mundo a observaba para saber de que madeira estaba feita. A señorita Oiselin, nai de dos nenos —un deles un bebé de tres meses— era divorciada, o que parecía unha garantía de fidelidade laica. Pero o partido clerical triunfou desde o primeiro domingo, cando se veu á nova mestra facer unha destacada entrada na egresia.

Os dados parecían botados. Non habería xa árbore de Nadal sacrilego na hora da misa do “galo”, e o cura restaría o único amo do terreo. Emporiso a sorpresa foi grande cando a señorita Oiselin anunciou ós seus escolinos que non sería cambiado nada da tradición, e que o Papa Noel distribuiría os seus agasallos na hora acostumada. ¿A qué xogo xogaba? ¿E quen ia te-lo papel de Papá Noel? O carteiro e o garda forestal, nos que todo o mundo pensaba en razón das súas ideas socialistas, afirmaban non estaren ó corrente de nada. O asombro chegou ó seu cume cando se soubo que a señorita Oiselin prestaba o seu bebé ó cura para facer do Neno Xesús no seu nacemento vivinte.

O comenzo todo foi ben. O pequeno Oiselin durmía cos puños pechados cando os fieles desfilaron diante do nacemento, afiados os ollos pola curiosidade. O boi e o asno —un verdadeiro boi, un verdadeiro asno— parecían entrecidos diante do bebé laico tan miragreiramente matamorfoseado en Salvador.

Desgraciadamente comenzo a bulir despois do Evanxelio, e os seus berros estalaron no intre no que o cura subía ó púlpito. Nunca se tiña escoitado



Esta é a historia dun Papa Noel moi singular.

unha voz de bebé tan escandalosa. Inutilmente a rapaza que facía de Virxe María arrolouno contra o seu fraco peito. O pequerrecho, rubio de carraxe, couceando con brazos e pernas, facía retumba-las abóvedas da egresia cos seus berros furiosos, e o cura non podía soltar palabra.

Finalmente chamou a un dos monagos e susurroulle unha orde no ouvido. Sen abandoa-lo seu sobrepelloz, o rapaz saeu, e se escoitou o ruído das súas galochas debalar fóra.

Algúns minutos máis tarde, a metade clerical da vila, reunida ó completo na nave, tivo unha visión inaudita que se inscribiu para sempre na lenda dorada do país bigudano. Viron ó Papa Noel en persoa irromper na egresia. Dirixeuse ás alancadas cara o nacemento. Logo separou a súa gran barba de algodón branco, desabottou a súa hopalana vermella e tendeu un seo xeneroso ó Neno Xesús de súpeto apaciñado.

● MICHEL TOURNIER

Desde a publicación, en 1967, da súa primeira obra —**Vendredi ou les limbes du Pacifique (Venres ou os limbos do Pacífico)**, unha nova ollada sobre o mito do robinsonismo, esta vez centrado no personaxe do “indixena” Venres— Michel Tournier pasou a recibir tódolos recoñecementos literarios nun país, como é o francés, onde o éxito literario está especialmente disputado. Nado en París, en 1924, estudou Filosofía na Sorbona, e catro anos na pequena cidade universitaria alemá de Tübingen. Despois de fracasar no intento de acceder como profesor ó ensino universitario, decidiu adicarse á escritura en exclusiva. Durante 17 anos traballou como traductor en varias editoriais e redactando guións radiofónicos, ata a publicación —unha vez que, como el mesmo sinalará, coidou rematada a súa fase de aprendizaxe de escritor— da súa primeira obra, coidou rematada a súa fase de aprendizaxe de escritor— da súa primeira obra. Non se preocupou nunca de pensar historias “especialmente” escritas para os nenos, pero moitas das súas obras —nomeadamente os seus contos— son editadas en coleccións xuvenís ou infantís, despois de aparecer con éxito

nas coleccións “adultas”. El mesmo se preocupou por face-la adaptación para lecotres xóvenes da súa primeira novela: **Venres ou os limbos do Pacífico** tornouse **Venres ou a vida salvaxe**. Aínda que non era ea a intención confesada de Tournier, segundo el mesmo nos explica:

“Eu non escribo para os nenos. Escribo para min mesmo. E cando me aproximo ó meu idal, escribo de abondo ben para que os nenos tamén me poidan ler”.

PRINCIPAIS OBRAS

DE TOURNIER

- 1967 **Vendredi ou les limbes du Pacifique**
- 1979 **Le Roi des Aulnes**
- 1975 **Les Météores**
- 1977 **Le Vent Paraclet**
- 1978 **Le Coq de bruyère** (contos e relatos breves)
- 1980 **Gaspard, Melchior et Balthazar**
- 1983 **Gilles et Jeanne**

Edicións Xerais de Galicia anuncia a inmediata aparición dunha tradución de **Venres ou a vida salvaxe** na súa colección “Xabarin”.

Noite queda

PERE CALDERS

Mal acabamos de cear (e sentiamos a inda o formigueo do champaña no nariz), cando petaron na porta.

A Agustina, desde a coziña, derrubou unha cadeira ó erguerse. Quen sabe que atención nos correspondeu a todos, que acordamos un silencio e miramos uns para os outros, seguindo cos oídos o frémito lento da criada. O ferrollo fixo o renxemento de sempre; e, pola contra, a Agustina deixou sentir unha exclamación tan desacostumada, que Ernest tentou acudir de contado. Pero non tivo tempo, pois a figura redonda e encarnada dun Pai Noel atrancou a porta da sala de xantar. Levaba un saco de tea branca ás costas, e os fiaños da barba fixeron que espirrase dúas ou tres veces.

-Vai frío na rúa -dixo para se xustificarse. E, de seguido, mentres batía as palmas (se cadra para se desengoumar ou para transmitir ánimo) preguntou: ¿Onde están os nenos?

O Ernest agarrouno pola manga, e o contacto da franela deulle un arrepiño.

-Están enriba, durmindo. Pero, se non fala máis baixo, vains despertar -dixo.

-Acordar nenos forma parte do meu labor.

A Isabel alporizouse e (eis unha virtude ben de seu) devolveuno-lo aplomo a todos cunhas palabras cheas de sentido:

-Deñlle mal o enderezo. Nesta casa celebrámonos os Reis.

Esticou o brazo dereito, sinalando o belén que ocupaba todo o ángulo do cuarto e mantivo unha actitude estatuaría, esperando que a visita comprendese o mal gusto dunha máis longa permanencia.

O vello deixou o saco bo chan, calmoso, baixou o brazo da Isabel cun aquel despreocupado e considerou o belén durante un longo tempo.

E infantil -dixo por fin, pexorativamente.

A punto estivo de lle escapa-lo, pero reprimiuse, nun esforzo visible para non ofender. E, non obstante, a despeito dun aquel superior que irradiaba de xeito totalmente natural, observamos que se sentía amolado.

Erguerámonos todos, e en cada un dos silencios que se producían facíase máis evidente que a situación podía tornarse tensa en calquera momento. A nai, deliberadamente impregnada do espírito do Nadal, queríala acaba-la escena ser feridos os sentimentos de ningún, e, a intervalos case regulares, dirixíase o Pai Noel e dicíalle:

Se, antes de marchar, quere tomar unha copíña...


Máis víselle particularmente embarrado en demostrar que el non se enganaban nunca e que, se entrara na casa, fora porque lle asistira algunha importante razón. Non era cuestión de nenos nin de brinquedos, dixo, senón de evitar que a institución que representaba puidese incorrer en desprestixio.

-Pode supor que non ando de casa en casa, ás cegas, preguntando se necesitan cabalos ou bonecas de cartón.

-Quen sabe! -contestou a Isabel-. Os protestantes valense de recursos aínda máis absurdos para obter o espallamento das súas ideas.

Perecía que estas palabras, polo ton en que foron ditas, irritarían ó Pai Noel. Pero, todo calmo, case cun sorriso de bonhomía, respondeu:

-Iso non é do caso, señorita. Ser á pueril! Cada ano levollas regalos ós sobriños dun bispo que toda a xente di



Nesta casa non era esperado Papá Noel.

que vai chegar a cardeal.

O Enric, que ata entón calara, interveu:

-Afastámonos do tema. Aquí somos liberais e cómpre que cada un pense como queira. Pero, neste caso, ofrécesenos un servizo que non coído termos solicitado.

-Pode ser; pero eu non podo admitir que me chegase a suceder como ós bombeiros, que, cando alguén, por erro ou por estúpida xolda, lles dá a alarma de lume que non existe, toda a xente afirma non saber nada.

Mais unha vez, a Isabel atopou palabras definitivas:

-Sexa como fose, vostede actúa a descuberto. Nesta casa non pómo la árbore. ¿Ten algún sentido a súa presenza sen a árbore?

O Pai Noel desconcertouse e mesmo empalideceu de modo manifesto. Apoiouse na mesa, mentres paseaba un ollar perdido por toda a sala de xantar.

Naquel intre, descenderon o neno e a nena, cos ollos arregalados. A nena, sinalando o vello, preguntou:

● PERE CALDERS

Naceu en Barcelona en 1912. Escritor desde moi novo, estudou na Escola Superior de Belas Artes, amosando tamén positivas condicións como debuxante. Durante a guerra civil exerceu como técnico cartógrafo. O remate da guerra co triunfo das forzas rebeldes, veuse obrigado a se exiliar en México, onde residiu durante máis de vinte anos. Aínda alí, continuou a escribir en catalán, en contacto con outros exiliados como o poeta Josep Carner. En 1962 regresa do exilio e será recibido pola intelectualidade catalana como un verdadeiro clásico vivo das súas letras. Fai algúns anos, o grupo de teatro "Dagon-Dagon" decide montar un espectáculo baseado nalgúns dos seus contos (entre eles o que hoxe reproducimos nestas páxinas). Nace así "Antaviana", un dos meirandes éxitos teatrais dos últimos anos, non só en Cataluña (onde foi -e aínda é- representado na súa idioma orixinal), se-

nón en toda España. Sen dúbida, este éxito axuda ó definitivo recoñecemento da obra de Calders, que é, para moitos, un dos máis perfectos escritores de contos en calquera das linguas faladas na península ibérica.

PRINCIPAIS OBRAS

DE PERE CALDERS

1936 **El primer Arlequí** (contos)

1954 **Cròniques de la veritat oculta** (contos)

1962 **L'ombra de l'atzavara** (novela)

1967 **Ronda naval sota la boira** (novela curta)

1972 **Invasió subtil i altres contes** (contos)

Edicións Xerais de Galicia ten publicado, dentro da súa colección "Xabarin" a tradución das **Crónicas da verdade oculta**. A reprodución do conto "Noite queda", que forma parte deste libro, é feita con autorización expresa de Edicións Xerais de Galicia.

-¿Quen é esa garda municipal tan raro?

-E ó Santa Claus babeca. Mostreicho hai pouco nun anuncio de The Saturday Evening Post respondeo o neno.

A Isabel a quen a presenza dos meniños lle fixera medra-lo enfadó dirixiuse severamente ó Ernest en ton de quimería:

-Des Por iso me amola que teñas esa clase de revistas.

E, aproveitando que iniciara a frase, mirou de esguello para o Pai Noel e agregou:

-Folleándoas, os nenos habitúanse a ideas e nomes que son para nós absolutamente forasteiros.

O visitante endereitouse. Parecía que, de maneira imprevista, lle chegara a inspiración dunha réplica. Encrequenouse e preguntoulle ó neno:

-¿Ti non pediches una escopeta?

-Pedín.

-Ben o ven. Significa que non me presenteis sen máis ni máis. Levo a escopeta que me pediu.

Mais o neno, ó que lle inculcaron, como a tódolos membros da familia, un forte sentimento de equipo, non se deixou engaiolar.

-¿Qué clase de escopeta trae?

-E de aire comprimido, automática, con valotés de chumbo.

-¡Ah, non! Daquela, non. Como esta que di teño dúas arrombadas, que gar-do só para cando nos veñen visitar nenos máis pequenos. Eu pedín unha "Sanger" "calibre 22, con mira telescópica. ¿Ten algunha destas?

-Non.

O neno encolleu os ombros, como se nin sequera pagara a pena ter falado. Un sorriso de polemistas satisfeitos fíxose inevitable en cada un de nós. O Pai Noel, nas estampas tan ponderado, bateu con puño na mesa:

-¡Veña, xa está ben! Estou afeito a que ne agasallen. ¡So me faltaba ter que pedir por favor que acepten algúns regalos!

-Aquí nada pedimos...

-Se fose certo, seríala unha razón máis para apreciar unha xenerosidade tan espontánea.

A nai achou, de repente, que a cuestión presentaba un novo cariz.

-A pesar de todo, se o señor teima en deixar algo e nontemos que asinar papel ningún...

Mais a Isabel atallouna:

-¡Nai! Non podemos prescindir dos sentimentos, por algúns regalos.

O noso visitante, coas fazulas a perderen o ruibén de bonhomía para adquirir un indescribible matiz de irritación, dedicoulle á Isabel unhas palabras que podían parecer zoroñas. E foi entón cando o Eudald, o xoven deportista da familia, o dos impulsos arruzados e sen comedido, interveu por vez primeira. Agarrou ó P. Noel pola roupa e díxolle, ameazadoramente:

-Se non chega a ser polo uniforme que leva...!

Esta escena estremeceunos a todos. Porque un pode ter as crenzas que queira e chegar a se encerrar dentro dos círculos máis herméticos, máis o espectáculo da democracia non desfilou de balde perante os nosos ollos e ficounos un respecto íntimo polos símbolos e as representacións daquilo no que acreditan os demais. A situación, pois, encheunos de tristeza. A nai tapou a cara cunha servilleta, choromicando, e loiouse de que, entre todos, lle dabamos unha noite de Nadal espantosa.

Señora: pense que eu tamén estou a

Os xoguetes vellos

XABIER P. DOCAMPO

sufrir -dixo o P. Noel.

E entón, como se estas palabras condenasen unha suposta crueldade pola nosa parte, adoptou un ton patético e pronunciounos un sermón.

Falounos do significado resplandecente do Nadal, dixo que non se deixaba levar pola vanidade se afirmaba que el constituía unha das alegorías máis simpáticas do día sinalado. "En case todo o mundo, millóns de nenos agardan pola visita do velliño revestido de santidade, e mesmo a xente de educación primaria recibeme cun bico na man". (Dixo isto, con marcada reticencia).

—Supoñamos —proseguiu— que me teña presentado aquí por erro, ou mesmamente guiado por un afán de prosetismo. ¿E qué? A miña é unha causa nobre. Polo menos, podían terme ofrecido asento. Se vostedes, cando chega a ocasión, procuran deixar un prato con auga e codelos para os camelos dos Reis, ¿non son merecedor de maior xentileza?

Foi esmagador. A nai axitou unha campaña e ordeoulle á Agustina que servise moscatel e barquillos. O Eudald, cos ollos húmidos, alongou unha man ampla, arrependida, e dixo, tateando que, polas boas, del se podía tirar o que se quixese.

Iniciouse entón un breve intervalo de calma. Mirabamos uns para os outros cun sorriso encantado, e unha grande capacidade de perdón ianos dando somnolencia espiritual. O Ernest, cun aquel perdido e en voz baixa, comenzou a cantar *Noite queda*, e todos perdémola mágoa de ir atrás do paso do tempo.

Quen sabe o tempo que duraría esta paz, se o neno non a tivese interrompido:

—¿Entón como quedamos? ¿Faltámoslles os Reis?

Eis, novamente, o problema e a súa nudez inevitable.

A Isabel ergueuse nun repente, e ía falar algo cunha clara actitude de violencia, pero o noso visitante parouna cun xesto das mans. Súpeto, comportouse do modo máis elevado que lle é, xeralmente atribuído, e dixo:

—Eu voume. Non debemos comen-zar de novo o xogo das palabras duras. Sería inútil negar que a madurez adquirida polos Dereitos do Home ocasionou un embotamento da fantasía; xa non se poden facer milagres sen o permiso explícito do interesado. A xente está tan estragada polos progresos da ciencia, que non admite máis dun proxio metafísico por ano...

Ignoro a virtude de que simpatía captou o curso do meu pensamento. O caso é que as súas últimas palabras foron para min; deume unha lomberidiña amistosa e díxome:

—E vostede non se alporice. Fágame caso.

A nai, nun aguilloamento da súa hospitalidade, ordeou:

—Agustina: axúdalle ó señor a subilo caso ó lombo.

Así, o Pai Noel foise por onde viñera, enchendo coa súa silueta o marco da porta.

Mal comenzaran a se perder os seus pasos sobre o cascallo do xardín, cando o neno botou a chorar berros e dixo que quería a escopeta.

A Isabel zocoulle, e despois recomenzámo-la apracibilidade do Nadal.

1949

Traducción de X.R. Baixevas.

Na casa de David, aqueles días todo era bulla. Tódolos nenos andaban coma tolos porque xa estaba preto o día de Reis e con el chegarían tamén os novos xoguetes que tanto desexaban e desde tanto tempo estaban a agardar.

Xa había moito que nunha caixa de cartón e máis nun berce vello, descansaban os xoguetes de anos atrás. Agora estaban algo deteriorados, non só polo paso do tempo, senón tamén polo efecto dos afiados dentes dos ratos que lles foran quitando anacos.

Alí había de todo, e agora estaban a chegar máis xoguetes que a nai de David traía, dándose de conta que serían despreciados polos nenos de casa cando chegasen os novos. Entón serían este os protagonistas preferidos dos xogos.


Os últimos que chegaron quedaron enriba, tal e como ían caendo. Foise a muller e pechou tras de si a porta do faiado.

Chegou a noite de Reis e os nenos fóronse á cama moi cedo, porque esa noite tódolos nenos se van cedo a cama e sen protestar. Pois ben, cando xa todos durmían na casa, alguén espertou no faiado... Foron os xoguetes vellos. Pouco a pouco foron tomando vida os xoguetes que sempre pareceran máis incapaces de xogar sen a xuda dos nenos... e espertaban aqueles que máis eivados estaban; foran para alí co convencemento de que xa eran inútiles totais, anque un xoguete só é inútil cando non ten un neno que xogue con el.

Unha pelota desinflada foi a primeira en cobrar vida, encheu o bandullo de aire e púxose a dar saltiños, ó primeiro pequeniños e cada vez máis grandes, ata que se botou fóra da caixa e alí daba grandes botes. Unha corda que ata había pouco usaba Laura tódolos días para saltar, foise poñendo tesa e botouse por entre os barrotes do berce vello onde a puxeran sen máis delito có de estar algo suxa, e desto ela non tiña culpa ningunha, porque ninguén a lavara nunca. Agora andaba polo chan como se fose unha cóbrega.

Unha boneca á que lle faltaba unha perna e que, de tanto tempo como levaba no faiado, xa os ratos lle quitaran un ollo, ergueuse do seu sono e botouse a andar á pata coxa polo faiado adiante...

Desta maneira ían cobrando vida tódolos xoguetes: automóviles que corrían polo faiado anque non tiñan pilas; triciclos sen pedais que andaban sorteando obstáculos; bonecos de trapos que, cheos de buratos, abrían os ollos e sorrían coa súa boca de trapo colorado; ata as pezas que quedaban dunha construción de madeira, puxéronse elas soas unhas enriba das outras, ata facer un fermoso castelo, onde se foron meter tódolos soldados que quedaban dun Séptimo de Caballería que tantas glorias acadara cando estaba recién mercado; tras del correron tamén ó acobillo vaqueiros e indios que durmítaban nunha caixa de zapatos... ó pouco, xa había polo faiado que sei eu cantos xoguetes dando voltas, facendo carreiras, xogando e cantando de tódalas maneiras posibles, e, claro está, armando un barullo de tódolos demos.



Unha historia de xoguetes.

● XAVIER P. DOCAMPO

Xavier leva moitos anos escribindo contos para nenos, aínda que só neste os teña publicados como libros, con toda a solemnidade do caso. Os seus contos son narrados pola súa propia voz desde unha emisora de radio de A Coruña para dúcias de nenos que lle escoitan espallados por toda a xeografía galega. Os seus contos forman parte do programa dunha das máis fermosas experiencias pedagóxicas galegas: "Preescolar na casa".

Este ano Xavier publicou unha pequena novela —O misterio das badaladas— e un libro de contos —Cun ollo aberto e outro sen cerrar—. Os dous foron editados por Via Láctea.

Foi entón cando, un gatiño que antes andaba se lle daban corda e agora andaba non sei por que, xa que tiña o mecanismo da corda estragado subiuse a un caixón e berrou:

—¡Parade un pouco e escoitade...!

Pararon todos de andar, de correr e de facer ruído e miraron todos cara ó gatiño.

—Nós somos xoguetes e o que máis nos gusta na vida é xogar —continuou gato—. Pero non é menos certo que xa estamos vellos, medio eivados e non estamos para moitos trotes. Boa sorte tivemos en vir parar ó faiado, que eu sei de moitos que cando se fixeron vellos tiráronos no lume.

—¡Ei, ei! Para por aí —dixo a pelota—, que eu non estou tan vella, se me meten un pouco aire, aínda estou eu para lle axudar a un neno a gastar algúns pares de zapatos.

—Pois anda que eu —falou a corda—. Estou coma o primeiro día, ou mellor aínda, que cando me trouxeron da tenda viña eeu moi brava.

—A min só fan falla unhas pilas —dixo o coche vermello.

—Se me pñen unha perna e un ollo —dixía a boneca—, eu aínda racho unhas mangas novas.

E así foron dicindo todos as eivas que tiñan e que foran as causantes de lles facer ir parar á caixa ou ó berce dos xoguetes vellos. De pronto fixose un gran silencio... Todos se estaban dando de conta de que tiñan eivas de moi pouca importancia, que eran moi doadas de amañar. Este silencio rompeu un cabalo de cartón ó que lle faltaban as rodiñas da táboa na que estaba pousado.

—Eu quero propoñervos unha cousa. Mirade, nós nos somos vellos inservibles, certo que non estamos coma cando viñemos do comercio, pero non estamos aquí por iso, foi porque o David, a Laura e os outros nenos, teñen cantos xoguetes novos queren e nós xa lles sobramos, pero hai moitos nenos ós que lles fariamos moita ilusión e moita falta. ¿Por qué non nos imos todos agora á casa do señor Brais, que é un home moi mañoso, e que nos vaia amañando un por un? Despois cada un pode marchar só a casa dun neno que quere un xoguete dos que hai aquí e nós sabemos que os Reis vanlle traer outro distinto do que el pediu ou traeránlle zapatos ou roupa, pero non unha pelota ou o cabalo de cartón que tanta ilusión lle fai.

Xa non fixo falla dicir máis, porque a corda adiantouse e, enroscándose no fecho da porta, abriuna... Baixaron todos polas escaleiras, botáronse fóra, e foron dereitos á casa do señor Brais, que, eu non sei por que nin por que non, o caso é que xa estaba agardando por eles... Así, segundo ían chegando, amañáballe-lo que tiñan estropeado, deixábaos si, segundo ían chegando, amañáballe-lo que tiñan estropeado, deixábaos no chan e, noviños coma do comercio; marchaban cada un camiño dunha casa onde había un neno que durmía coa ilusión de atopar na mañá do día de Reis o xoguete que pedira.

Así foi como os xoguetes vellos desapareceron do faiado da casa e ninguén os botou en falta...


Sol pasou o Nadal na casa

ALBERTO AVENDAÑO

Sol chegou pensar que iso do Nadal tiña que ver con Nadar, pero dito en chinés. E, como a él tanto lle tiña a maneira de pronunciar, non comprendía moi ben por qué se había adicar unha festa, con vacacións e todo, ó día da nación. Como todos sabedes, case tódolos animais nacen moi sabidos, quero dicir, sabendo nadar e iso todo... Algúns de vós tamén sabedes que Sol non é o sol, senón un cadelo de pelo escuro revirado, mostacho coma os sabres dos orientais e barba de mandarín. Pero o que de certo descoñecedes é que Sol pasou o Nadal na casa.

Aquela mañá do 24 de decembro a casa apareceu bañada por unhas raiolas que quentaban en franxas luminosas a sala onde Sol durmía. Cando o can acordou decidiu ir visitar os outros cuartos e, empurrando co fuciño as portas, foi entrando e saíndo con trote garboso de tódolos dormitorios: non había ninguén na casa. Era a primeira vez na súa vida que acordaba máis tarde cós demais. Claro que xa ía vello e o sono podíalle. En fin, decidiu regresar á sala e mentres viraba sobre si para deitar á raxeira oíusele dicir ou rosmar, falando para os seus botóns: "¿Por qué lle podían o meu nome ó sol se él é máis quente ca min?"

As horas pasaron adurmiñadas para Sol, e os seus ollos, un misterio agachado embaixo das guedellas reviradas que lle esvaraban da cabeza ó fuciño, abrían de cando en vez para pechar de contado, coma as follas dun libro movidas por un vento suave. Sucedeu entón que oíu fuchicar na pechadura da porta da casa, ergueuse sobre as súas catro patas e por alí viu entrar unha morea de xente levando cadanseus paquetes nos brazos, envoltos en papeis de cores rechamantes e montando todos moito barullo. "Hola, Sol", dixc alguén; "ponte quieto, Sol" oíuse polo fondo; "¿quén me bota unha mán?",



MARGARITA BARREIRA

preguntou unha voz de home que chegaba desde as escaleiras. Cando aquela voz entrou pola porta era verde e tiña pólas e viña, como se fose un avión, en dirección a Sol. Sol escapou para atrás dun sofá e, desde alí, un chisco xemendo e un moito abraíndo, ollaba en fite a escena toda como quen non dá creto ó que lle mostran os ollos. Si, aquilo era unha árbore. Vós sabedes, mesmo eu sei que aquilo, claro, era a árbore do Nadal; pero a Sol da frase *árbore do Nadal* só lle era familiar e comprendía a palabra *árbore*.

Ía caendo a tarde e, sen embargo, xa escurecera había algún tempo. "Estamos nos días máis curtos do ano", di-

xo a avoa Carme. O avó Valentin abría a porta cando se oíu: "¡Bo Nadal a todos!", era a avoa Dina que traía uns ósos e unhas lambonadas para Sol. "¡Poucha aí, Sol poucha!", díxolle Margarida mentres lle estiraba para atrás o pelo todo da cara. Toño, Lucas, Xonás e unha rapariga loira chamada Ana, que puña voz de pita cando se enfadaba e levaba postas unhas gafas moi chuscas, xogaban nun recuncho da sala. A avoa Carme mexía na árbore, adobaiándoa toda e Sol non se sabía onde meter.

Era xa entrada a noite e unha chea de xente estaba ceando ó redor dunha mesa inmensa. Foi entón cando sol er-

gueu moi de vagar, abriu a boca nun bocexo longo e foi ó pe da árbore. O avó Valentin metía unha oliva na boca, a avoa Carme ría o último chiste e Margarida ollaba de esguello. O nariz de Sol metido naquela grande maceta na que chantaran a árbore de Nadal cheiraba minuciosamente a base do tronco. Logo, apuntou ás bolas brancas, mareladas e vermellas que penduraban das pólas e coas ventas moi abertas semellaba que xogase ó ping-pong con elas. Finalmente, decidiu por pasear ó redor da maceta co pescozo inclinado e o fuciño a rente do chan. Para un lado, para outro. E foi así como, no que o demo esfrega un ollo, levantou unha pata traseira e mandoulle unha mexada en chafaris a aquela *árbore* do Nadal.

A pagouse a luz da sala, Sol xemeu a escuras sen saber cara onde escapar e, do interior daquela árbore, xurdiron centos de cintilantes luceciñas de todas as cores que lle chiscaban un ollo ó can e o outro á noite. Sol agachou embaixo da mesa e, entre moitos pares de pernas, prometeuse a si mesmo non saír de alí en moito tempo.

● ALBERTO AVENDAÑO

Alberto foi premio "Barco de Vapor" para libros infantis-xuvenís este mesmo ano cun libro, *As aventuras de Sol*, protagonizado xustamente polo mesmo can que protagoniza este pequeno conto de Nadal. Sol, contoume Alberto, era o seu can, seu amigo de moitos anos ata que, xa vello de quince anos, morreu. ¿Morreu? Se nunca morrera na memoria de Alberto, agora, coas súas aventuras recollidas nos papeis, seguerá aínda máis vivo nos ollos de moitos pequenos lectores.

Alberto escribiu poesía co grupo "Rempenete", un grupo, que, como o seu nome advertía, rachaba duro contra tódolos tradicionalismos poéticos.

Se queres le-lo seu libro, *As aventuras de Sol*, atoparáslo na colección "O barco de vapor", editada por Galaxia-SM.

Fabular en pedra el escapismo

ANTONIO GARCIA TEIJEIRO

EL BOSQUE DE PIEDRA. Fernando Alonso. Ilustrac. de Juan R. Alonso. Ed. Espasa Calpe. Col. Austral Juvenil. 172 págs.

De Fernando Alonso, como narrador, podían decirse muchas cosas. Una de las más importantes, a mi modo de ver, es que ha sido capaz de formar parte de un grupo de escritores españoles, que le han dado a la literatura infantil una tradición, hasta el momento inexistente. Todos recordamos personas como Antoniorrolles o Elena Fortún, auténticos pioneros de un modo de escribir hacia los niños, cuya trayectoria y positiva influencia fue cortada brutalmente por la desdichada guerra civil española.

Las cosas, afortunadamente, han cambiado y hoy en día, podemos afirmar que ya en nuestro país, contamos con un ramillete de autores de auténtica categoría, verdaderos artífices de una forma de narrar novedosa y llena de calidad literaria.

Uno de ellos, Fernando Alonso. Con un estilo sencillo —sus construcciones sintácticas son claras y concisas— y una mente verdaderamente lúcida ha sido capaz de ir dando unos trazos firmes que lo han convertido en uno de nuestros más ingeniosos autores. Fernando hace lite-

ratura abierta—sus libros tienen múltiples lecturas—llena de simbolismos que se repiten constantemente en sus libros — pensemos en el color gris, en el carácter circular de sus historias, en la utilización viva de los objetos...— dando un tono poético y de denuncia a todos sus escritos.

Hace, además, un uso de la fantasía realmente vivificador. A veces —y es posible que el autor lo busque de manera consciente— la fantasía y la realidad son una misma cosa, que hace realidades de lo fantástico y lleva estos últimos rasgos a claras dimensiones reales. Jamás está delimitada la frontera entre fantasía y realidad y así el lector podrá penetrar en las historias con una amplitud de expectativas impensables en otro modo de narrar.

Todo esto y muchas otras cosas podrá encontrarse el lector al abrir el libro que hoy nos ocupa.


"El bosque de piedra" es una maravillosa historia de realidad fantástica. Que un niño se invente un bosque es más común de lo que parece. Y Dito lo hace, porque no se siente a gusto con lo que le rodea. El tejado, al que tenía acceso por la claraboya, se convierte en un lugar de piedra en el cual se va a refugiar para escapar de ese desarrollo vital, que lo retrae totalmente. Es el tema del escapismo, tratado con una sutileza fuera de lo común, con una falta de paternalismo, digno de agradecer, además de conjugar en

los hechos, todo tipo de circunstancias normales, vividas por cualquier persona en la vida. La dualidad "invención escapista"/"realidad asumida" va a decantarse en favor de la segunda, para lo cual Fernando Alonso se valdrá de siete hermosísimos cuentos, en lo que toman vida las estatuas del bosque inventado, que servirán a Dito para contarlos y liberarse, de este modo, de la negativa influencia ejercida sobre él. Nuestro personaje tiene la necesidad de convivir con los demás pero no se atreve y con la ayuda de esos cuentos llega a hacerse, en cierta forma, egocéntrico. Los vaivenes lo llevarán a ver la realidad de muchas maneras, siempre con sugestivos desenlaces, que harán de la narración una indiscriminada cadena de coloridas argollas.

Este relato, como todos los de su autor, huele a felicidad cabalgante —aparece, desaparece pero siempre está presente el deseo feliz —la inquietud humana— jamás presenta las situaciones de un modo maniqueo y tiene tal frescura narrativa que hace de él una auténtica fuente de placer lector.

Conviene resaltar también las ilustraciones en gris de Juan R. Alonso. Imaginativas, con un cierto tono difuso en el estilo, interpretan perfectamente el sentido del relato. Supongo que el autor se habrá sentido satisfecho —es una de sus obsesiones— de la recreación dada por Juan R. Alonso a su texto.

Y ahora un reproche, ajeno —por supuesto— a Fernando Alonso. Convendría que la editorial cuidara al máximo la ortografía en este texto. Alguna falta ortográfica sí hay, cosas, desde luego, nada favorable en libros que van a leer los niños.



A dixitalización destes documentos foi posible grazas á axuda concedida a Nova escola Galega da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Consellería de Industria - Xunta de Galicia), do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, así como do Plan Avanza e do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), ao abeiro da *Orde do 31 de decembro de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a entidades de dereito público e privado, sen ánimo de lucro, para impulsar a realización de actuacións de difusión e formación relacionadas especificamente co desenvolvemento e implantación da sociedade da información na Comunidade Autónoma de Galicia, no marco do Plan Estratégico Galego da Sociedade da Información e o Plan Avanza, e se procede á súa convocatoria para 2009 (código procedemento IN521C)*

As publicacións están dispoñibles baixo unha licenza Recoñecemento-Non comercial-Compartir baixo a mesma licenza 3.0 España de Creative Commons que reza:

Vostede é libre de:

- Copiar, distribuír, exhibir e executar a obra.
- Facer obras derivadas.

Baixo as seguintes condicións:

- Vostede debe atribuír a obra na forma especificada polo autor ou o licenciante. Isto quere dicir que tanto os textos como as imaxes da Web poden ser utilizados por calquera, sempre que se cite a súa orixe, sempre que non se obteña un beneficio económico directo ou indirecto dese uso, e sempre que se inclúa no produto resultante a mesma licenza CC-NEG.

